



Antón Cortizas asegura que «aos alumnos hai que transmitirles as cousas esenciais da vida, non só os coñecementos» | JOSÉ PANDO

ANTÓN CORTIZAS | ESCRITOR

«A TENRURA ESTÁ METIDA NAS COUSAS QUE ESCRIBO, NECESÍTOA, COMO TODOS»

FILLO DUN FERREIRO E DUNHA COSTUREIRA, TEN TRES BARCOS DE VAPOR E UN MERLÍN E VAI PUBLICAR «TASTARABÁS», QUE É UNHA «ENCICLOPEDIA DE BRINQUEDOS TRADICIONAIS»

De neno xogaba na forxa de seu pai, na súa casa de Ferrol. De alí puido xurdir o libro *O merlo de ferro*, a historia dun paxaro feito polo ferreiro Manuel que é capaz de cantar e voar. Máis adiante decidiu buscar unha parella literaria para aquel merlo e escribiu *A merla de trapo*, pola que recibiu o premio Merlín; despois de recollelo, dixo aquilo de «gustárame falar un pouquiño de costumeiras» e lembrou a Antonia, a súa nai, a que de neno vía coser naquela Singer. Agora, Antón Cortizas Amado (Ferrol, 1954) está a piques de publicar un enorme traballo que recolle outra das súas paixóns: os enredos tradicionais sobre os que xa publicou un libro. Este terá máis de mil páxinas —«deberían ir en dous volumes, pero as cousas están como están e van nun»— froito de anos de investigación e titulado *Tastarabás* (Xerais). —¿Que iso do tastarabás? —É o nome que ten a carraca esa de facer ruído na zona de Cedeira e o norte de Ferrol. Xa ao pri-

meiro libro deille un título moi onomatopeico, *Chirlomirlo*. Este ten como subtítulo *Enciclopedia dos brinquedos tradicionais e uso lúdico da natureza*. Leva 2.500 fotos e unha descrición de máis de mil enredos e xoguets, que nalgúns casos son unhas liñas e noutros varias páxinas.

—¿De quen son as fotos?

—Case todas miñas, que tamén fixen a maior parte das construcións dos xoguets, detallando cada paso, aínda que as veces tiven que *pedir papas*. Outras, como para un arco da vella, botei man doutras persoas.

—¿Tamén enredamos coa natureza?

—Todos os seres humanos xogamos e brincamos igual, a globalización cultural xa está inventada hai moito tempo. No libro vai información directa de comunicadores dos que vai o seu nome e tamén por lecturas de centos de libros; ocupoime de ler literatura en galego de poetas e novelistas que fan referencias aos enredos e van treitos desas

«Aos alumnos hai que querelos, non podes pasar diante deles como unha máquina»

narracións.

—¿E a outra literatura súa?

—No ano 2004 empecei con isto e impediume escribir outras cousas. Esta é unha combinación de fotografía, que é algo que tamén me gusta moito, de traballo manual e de escribir.

—Nunha autobiografía di que de mozo: «Déuseme por namoriscar, por escribir cousas que ningún me obrigaba e por vestirme de Atlántico». ¿Que vestido é ese?

—A terra, o sitio... cada un é dun sitio ou non somos de ningunha parte. O que temos ao lado é o que vale: as persoas, as árbores a auga que bebemos.

—Dixo algún crítico que na súa literatura hai maxia, humor e tenrura, ¿que lle parece?

—A tenrura está metida nas

cousas que escribo, ao mellor porque a necesito, como todas as persoas. Todos necesitamos tenrura, aínda que non se diga, e por ese camiño saíame as cousas.

—¿Disfruta cos rapaces?

—O meu oficio é estar con nenos e tiven a sorte de dedicarme a eles. É un traballo moi difícil. Tes que transmitirles as cousas esenciais da vida, dos valores da colaboración, de respecto, de cariño... Aos alumnos, aínda que ás veces me enfado moito, hai que querelos, non podes pasar diante deles como unha máquina.

—Fina Casalderrey entra na Academia Galega: ¿que supón iso para a literatura infantil?

—A literatura infantil está infravalorada pola propia literatura, o que fai que na poboación teña menos valor. Os lectores pequenos son moi agraecidos, non son parvos. Infantil non quere dicir que sexa ñoña: non aforramos vocabulario, nin metáforas, intentamos facer unha cousa linda.